



Antonio Reigosa, acompañado por Ana Guerra, Paco Martín e outros participantes. XESÚS POINTE

Reigosa dialoga con Lugo e os seus persoeiros en 'Lu e Go pola muralla'

- Unha carreira dun gato e un rato serve ao autor para novelar a historia e actualidade da urbe
- Tom e Jerry, San Froilán e Antón de Marcos son os referentes para esta novela para rapaces

JAUREGUIZAR

Jaureguizar e El Progreso

LUGO. Antonio Reigosa sabe que a Historia non ten por que ser pousada, que tamén pode contarse ás carreiras. Inspirándose nos personaxes de debuxos animados de Tom e Jerry, o escritor baséase na persecución dun rato por un gato para percorrer en 140 páxinas o pasado e o presente de Lugo en 'Lu e Go pola muralla'.

O selo galego de Alfaguara, Obradoiro, vén de editar esta novela protagonizada por Lu, un gato que naceu no Regueiro das Hortas —«na mesma casa onde, supostamente, naceu San Froilán»— e Go, un rato que naceu nun chalet de os herdeiros de Antón de Marcos.

Explica Antonio Reigosa que lles buscou eses lugares de nacemento para relacionalos con dúas referencias fundamentais en Lugo, «un deles, cunha lenda, como é que San Froilán naceu nese lugar, e outro cunha familia que marcou época en Lugo».

Malia ese chisco, o autor desbota que os nomes de ambos os animais conformen o da súa cidade, «porque Lu chámase así por mor de que é negro e a súa nai quería que fose o Martin Luther King dos gatos negros e Go vén de que os ratos de Fingoi senten moito aprezo polo inventor da imprenta, Johannes Gutenberg, aínda que pronuncian Go polo dialectismo de Fingoi».

Lu corre tras Go nunha carreira sen fin, que posibilita a Reigosa regresar ao Lugo romano e medieval. Ademais do plano histórico, hai outro literario, que o escritor introduce a través de textos de Álvaro Cunqueiro, Bernardino Graña ou Xosé Miranda.

A maiores, as carreiras pola cidade fan que se vaian sumando persoeiros locais, como o escritor Paco Martín, o avogado Xaime Dapena, o arqueólogo Enrique Alcorta, as actrices Tareixa Campo e Paloma Lugilde, o fotógrafo de El Progreso Pepe Álvez, ou o alcalde de Lugo, José López Orozco. Unha vintena deles participaron onte na presentación do libro cun paseo polo adarve acompañados pola

editora, Ana Guerra.

Estas persoas están acompañadas na ficción por personaxes literarios ou cinematográficos, como son «Monchiño Lamote, o fillo de Ramón Lamote, o personaxe de Paco Martín, ou SuperMario Poppins, un trasunto masculino de Mary Poppins».

Antonio Reigosa desbota que tantas referencias á cidade determinen que a súa novela sexa pechada, «porque esa carreira que non se resolve permite que Lu continúe perseguindo a Go fóra da cidade».

Sen deixar de asumir a influencia de Tom e Jerry, o novelista maticiza que «a diferenza é que Lu e Go son menos violentos».